Servizo Galego de Saúde

Asistencia Sanitaria

# Catálogo de produtos
# Cura en ambiente húmido

## PEL

| FAMILIA | Nome comercial / Medidas / Custo unidade | Tipo de tecido | Características | Código SERGAS / Denominación LOGAS |
|---|---|---|---|---|
| ÁCIDOS GRAXOS HIPEROSIXENADOS | Corpitol 20 ml 0,98 € | Int, Erit | Indicados en úlceras por presión UPP (Prevención e tratamento na categoría I). Aplicar 2-3 veces ao día, estendendo suavemente, sen maxasear nin presionar. Melloran a hidratación e evitan a sequidade da pel aumentando a súa resistencia ao rozamento. Facilitan a renovación celular epidérmica. Manteñen o nivel de osixenación dos tecidos de apoio, aumentando a microcirculación. | 009860 Ácido graxo hiperosixenado 20 ml |
| | Corpitol 50 ml 2,19 € | | | 049027 Ácido graxo hiperosixenado 50 ml |
| PELÍCULA BARREIRA | Cavilon 28 ml 7,92 € | Int, Lescah | Indicado para protexer a pel íntegra ou danada por irritantes (fluídos corporais) e/ou adhesivos. Aplicar cada 24-72 horas, sen necesidade de retirar o produto aplicado anteriormente. Favorece a adhesividade de apósitos, protexendo a pel. Non contén alcol, substancias irritantes nin citotóxicas. (!) Non aplicar sobre áreas de pel con infección (micose, por exemplo). | 034558 Película barreira de protección en vaporizador 28 ml |
| CREMA BARREIRA | Conveen Protact 100 g 3,06 € | Int, Lescah | Indicada en tratamento de lesións cutáneas asociadas á humidade e protección da pel perilesional, radiodermite... Aplicar unha capa fina e deixar absorber. Retirar empregando solucións oleosas (vaselina, aceite de améndoas, oliva, xirasol...). Protexe a pel contra a incontinencia urinaria e/ou fecal, prevén a maceración e a irritación cutánea. | 043993 Crema barreira de protección 100 g |

## APÓSITOS PRIMARIOS

Precisa apósito secundario

| FAMILIA | Nome comercial / Medidas / Custo unidade | Tipo de tecido | Características | Iconas | Código SERGAS / Denominación LOGAS |
|---|---|---|---|---|---|
| HIDROXEL | Varihesive Hidrogel 15 g 1,03 € | N, Esf, Gr | Colocar sen sobresaír dos bordos da ferida. En cavidades reencher ata o 50% do seu volume. Achega humidade ao leito da ferida. Non usar en feridas exsudativas. Favorece o desbridamento autolítico. | 3 días; non exsudado | 025655 Hidroxel Envase 15 g |
| FIBRAS | Melgisorb Plus 10 x 10 cm 0,91 € | Esf, Inf, Gr | (!) Efecto hemostático. Alta absorción e retención do exsudado, mesmo baixo presión. Manteñen a humidade na lesión. Pódense usar en feridas infectadas (minimizan a colonización bacteriana no leito das feridas). Favorecen o desbridamento autolítico, a cicatrizacion e o confort. (!) En cavidades, encher ata ocupar o 75% do seu volume. (!) Non humedecer o apósito previamente á súa colocación. | Pode recortarse; exsudado moderado; 7 días | 025653 Apósito de alxinato de calcio 10 x 10 cm |
| | Aquacel Extra 10 x 10 cm 1,93 € | | | | 009917 Apósito hidrocoloide n/adhesivo 10 x 10 cm |
| | Aquacel Extra 15 x 15 cm 3,49 € | | | | 025668 Apósito hidrocoloide n/adhesivo 15 x 15 cm |
| | Aquacel 2 x 45 cm 1,64 € | | | | 025669 Apósito hidrocoloide n/adhesivo cinta 2 x 45 cm |
| | UrgoClean 10 x 10 cm 2,86 € | Esf | (!) Indicado unicamente para desbridamento en feridas fibrinosas de elevado exsudado. | | 073112 Apósito fibras de poliacrilato 10 x 10 cm |
| MALLAS OU INTERFASES | Urgotul 10 x 12 cm 0,91 € | Gr, Epit | Favorece o desbridamento, a cicatrización e o confort. Reducen a dor e as adherencias. Non se recomendan en feridas infectadas. | 7 días; exsudado baixo; pode recortarse | 055286 Apósito lípido coloide flexible 10 x 12 cm |
| | Mepitel One 9 x 10 cm 3,25 € | Epit | Non interfire con outros tratamentos. Favorece a epitelización. | 14 días; non exsudado | 051119 Apósito lámina silicona 9 x 10 cm |
| BIOACTIVO | Trionic 9,5 x 9,5 cm 2,70 € | Gr | Utilizar só en feridas con atraso na cicatrización non xustificadas por outras causas. Non utilizar en feridas infectadas. Colocar sen sobresaír dos bordos da ferida. | Pode recortarse; exsudado moderado; 7 días | 022928 Apósito bioactivo con carga iónica 9,5 x 9,5 cm |
| INHIBIDOR MPMs | UrgoStart Contact 5 x 7 cm 5,43 € | Gr | Utilizar só en feridas con atraso na cicatrización por acción das metaloproteasas de matriz (MPM), unha vez descartadas outras causas. Non utilizar en feridas infectadas. | Pode recortarse; exsudado baixo; 7 días | 089519 Apósito inhibidor de metaloproteasas de matriz 5 x 7 cm |
| PRATAS | Vliwaktiv Ag 6,5 x 10 cm 1,84 € | Esf, Inf, Gr | Indicado en feridas fedorentas. Debe humedecerse con soro fisiolóxico ou auga se hai pouco exsudado. Deben utilizarse só en feridas infectadas ou criticamente colonizadas. Reavaliar a súa necesidade despois de 15 días de utilización. Indicados para reducir a carga bacteriana, diminuíndo a dor e o mal olor. Non utilizar en caso de hipersensibilidade, nin en pacientes que se vaian someter a resonancia magnética nuclear. Non se deben empregar conxuntamente con antisépticos, ou produtos enzimáticos (colaxenasas). | Non pode recortarse; exsudado baixo; 7 días | 089474 Apósito de carbón e prata 6,5 x 10 cm |
| | Atrauman Ag 10 x 10 cm 1,10 € | | | Pode recortarse; exsudado baixo | 021825 Apósito de prata en malla 10 x 10 cm |
| | Aquacel Ag+ Extra 10 x 10 cm 1,98 € | | (!) En cavidades, encher ata o 75% do seu volume. Non humedecer o apósito previamente á súa colocación. | Exsudado alto; pode recortarse | 033748 Apósito de prata de alta absorción 10 x 10 cm |
| | Aquacel Ag+ Extra 15 x 15 cm 4,29 € | | | | 033749 Apósito de prata de alta absorción 15 x 15 cm |
| | Aquacel Ag+ 2 x 45 cm 2,20 € | | | | 046814 Apósito hidrocoloide n/adhesivo c/prata cinta 2 x 45 cm |

## TIPO DE TECIDO NO LEITO DA FERIDA

- Necrótico — N
- Esfacelar — Esf
- C. Crítica / Infección — Inf
- Granulación — Gr
- Epitelial — Epit
- Íntegro / Eritema — Erit
- Lesión por humidade — Lescah
- Pel íntegra — Int

## Lenda

- Límite de días de permanencia
- Pode recortarse
- Precisa de suxeición
- Cantidade de exsudado
- Non pode / Non precisa / Non ten
- A destacar

## APÓSITOS SECUNDARIOS

Non precisa apósito secundario

| FAMILIA | Nome comercial / Medidas / Custo unidade | Tipo de tecido | Características | Iconas | Código SERGAS / Denominación LOGAS |
|---|---|---|---|---|---|
| HIDROXEL | Hydrosorb Comfort 12,5 x 12,5 cm 1,56 € | Gr, Epit | Achega humidade ao leito da ferida. Non precisa suxeicion. É transparente. | Non pode recortarse; 7 días; non exsudado; non precisa suxeición | 061609 Apósito de hidroxel 12,5 x 12,5 cm |
| HIDROCOLOIDE FINO | Varihesive Extra Fino 10 x 10 cm 0,50 € | Gr, Epit, Erit | Protección da pel en zonas de rozamento ou fricción. Favorecen o desbridamento, a cicatrización e o confort. Non aplicar directamente en contacto con estruturas óseas, músculo ou tendóns, nin en feridas infectadas ou de tuberculose, sífilis ou micose. Aplicar sobresaíndo dos bordos da lesión, de xeito que cubra alomenos de 1 a 3 cm de pel íntegra. | Pode recortarse; 7 días; non exsudado; non precisa suxeición | 025664 Apósito hidrocoloide de protección fino 10 x 10 cm |
| | Varihesive Extra Fino 15 x 15 cm 1,05 € | | | | 025665 Apósito hidrocoloide de protección fino 15 x 15 cm |
| HIDROCOLOIDES | Varihesive Gel Control 10 x 10 cm 0,55 € | N, Esf, Gr, Epit | Favorecen o desbridamento, a cicatrización e o confort. Absorción e retención de esxudado. (!) Non aplicar directamente en contacto con estruturas óseas, músculo ou tendóns, nin en feridas infectadas ou de tuberculose, sífilis ou micose. Aplicar sobresaíndo dos bordos da lesión, de xeito que cubra alomenos de 1 a 3 cm de pel íntegra. | Pode recortarse; exsudado baixo; 7 días; non precisa suxeición | 025666 Apósito hidrocoloide adhesivo 10 x 10 cm |
| | Varihesive Gel Control 15 x 15 cm 1,45 € | | | | 009947 Apósito hidrocoloide adhesivo 15 x 15 cm |
| | Varihesive Gel Control 15 x 18 cm 1,76 € | | | Non pode recortarse | 025670 Apósito hidrocoloide sacro c/rebordo 15 x 18 cm |
| CARBÓN | CarboFlex 10 x 10 cm 1,49 € | Esf, Inf, Gr | Indicado en feridas fedorentas. (!) Aplicar poñendo as fibras de alxinato en contacto coa lesión. | Non pode recortarse; exsudado moderado; 3 días; precisa suxeición | 027398 Apósito de carbón 10 x 10 cm |
| ESPUMAS NON ADHESIVAS | Biatain Non-Adhesive 10 x 10 cm 1,02 € | Esf, Inf, Gr | Alta absorción e retención de exsudado. Pódense utilizar como apósito primario ou secundario. Aplicar sobresaíndo 2-3 cm dos bordos da lesión, sobre pel íntegra. | 7 días; pode recortarse; precisa suxeición; exsudado moderado | 025659 Apósito espuma 10 x 10 cm |
| | Biatain Non-Adhesive 15 x 15 cm 1,96 € | | | | 025661 Apósito espuma 15 x 15 cm |
| | Allevyn Heel 10,5 x 13,5 cm 3,19 € | Int, Erit | | | 025663 Apósito espuma calcañar 10,5 x 13,5 cm |
| ESPUMAS ADHESIVAS | Allevyn Adhesive 7,5 x 7,5 cm 0,77 € | Esf, Inf, Gr | Alta absorción e retención de exsudado. Pódense utilizar como apósito primario ou secundario. Aplicar sobresaíndo 2-3 cm dos bordos da lesión, sobre pel íntegra. | Exsudado moderado; 7 días; non pode recortarse | 017901 Apósito espuma adhesivo 7,5 x 7,5 cm |
| | Allevyn Adhesive 12,5 x 12,5 cm 1,43 € | | | | 017902 Apósito espuma adhesivo 12,5 x 12,5 cm |
| | Allevyn Adhesive 17,5 x 17,5 cm 2,97 € | | | | 022321 Apósito espuma adhesivo 17,5 x 17,5 cm |
| | Biatain Adhesive Sacral 23 x 23 cm 2,31 € | | | | 027462 Apósito espuma adhesivo sacro 23 x 23 cm |
| | Biatain Adhesive Heel 19 x 20 cm 2,20 € | | | | 027458 Apósito espuma adhesivo calcañar 19 x 20 cm |
| ESPUMAS DE BAIXA ADHERENCIA | Mepilex 10 x 10 cm 2,04 € | Epit, Esf, Inf, Gr | Alta absorción e retención de exsudado. Pódense utilizar como apósito primario ou secundario. Aplicar sobresaíndo 2-3 cm dos bordos da lesión, sobre pel íntegra. | Precisa suxeición; pode recortarse; exsudado moderado; 7 días | 027503 Apósito espuma poliuretano de baixa adherencia 10 x 10 cm |
| | Mepilex 15 x 15 cm 3,54 € | | | | 027505 Apósito espuma poliuretano de baixa adherencia 15 x 15 cm |
| | Allevyn Gentle Border 7,5 x 7,5 cm 1,10 € | | | Non pode recortarse; non precisa suxeición | 089482 Apósito espuma poliuretano de baixa adherencia c/bordo 7,5 x 7,5 cm |
| | Allevyn Gentle Border 12,5 x 12,5 cm 1,65 € | | | | 055242 Apósito espuma poliuretano de baixa adherencia c/bordo 12,5 x 12,5 cm |
| COMBINADOS | Aquacel Foam Adhesivo 12,5 x 12,5 cm 2,31 € | Esf, Inf, Gr | Alta absorción e retención do exsudado incluso baixo presión. Pola súa composición substitúen o uso combinado doutros apósitos. Aplicar sobresaíndo 2-3 cm dos bordos da lesión, sobre pel íntegra. | Non pode recortarse; non precisa suxeición; exsudado alto; 7 días | 068676 Apósito combinado adhesivo 12,5 x 12,5 cm |
| | Aquacel Foam Adhesivo 17,5 x 17,5 cm 3,30 € | | | | 089518 Apósito combinado adhesivo 17,5 x 17,5 cm |
| | Aquacel Foam No Adhesivo 15 x 15 cm 2,74 € | | | Pode recortarse; precisa suxeición | 089520 Apósito combinado n/ adhesivo 15 x 15 cm |
| ESPUMAS CON PRATA | Aquacel Ag Foam Adhesivo 10 x 10 cm 1,87 € | Esf, Inf, Gr | Deben utilizarse só en feridas infectadas ou criticamente colonizadas. Reavaliar a súa necesidade despois de 15 días de inicio do tratamento. Diminúen a dor e mal olor ao reducir a carga bacteriana. Non utilizar en caso de hipersensibilidade, nin en pacientes que se vaian someter a resonancia magnética nuclear. Non se deben empregar conxuntamente con antisépticos, ou produtos enzimáticos (colaxenasas). | Exsudado alto; 7 días; non pode recortarse; non precisa suxeición | 089486 Apósito espuma de poliuretano de baixa adherencia c/prata 10 x 10 cm |
| | Aquacel Ag Foam Adhesivo 17,5 x 17,5 cm 3,85 € | | | | 089487 Apósito espuma de poliuretano de baixa adherencia c/prata 17,5 x 17,5 cm |

D.L.: C 2099-2016

galicia · Úlceras Fóra! Servizo Galego de Saúde · SERVIZO GALEGO de SAÚDE · XUNTA DE GALICIA